



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

M^a Jesús Losada Rodríguez
Antón García Fernández
Federico Fernández Fernández
Cándido Pérez Betanzos
Rodrigo Alberte Pivida
Luis Pérez Gómez (**DS**)*

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Carmen Serra Rodríguez
Manuel Velasco Graña

U.G.T.

Arturo Casar Sarasola
Juan José Fernández Pérez
José Andrés Zapirain (**DS**)

AUSENTES C.I.

Aser Fernández Rey (xustificada)
Carlos Mollinedo Lois (xustificada)

ASISTENTES CC.EE.

Marisa Magaz Ledo

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundación o día 4 de novembro, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros (CI) nas distintas Comisións.
4. Informe sobre o proceso de selección na OFOE.
5. Provisión temporal. Listas de agarda, cambio de quenda e localidade.
6. Roupa de traballo.
7. Contratos laborais do persoal docente e investigador.
8. Sentencia sobre os trienios do persoal contratado.
9. Despedimento do auxiliar administrativo contratado do rexistro de Lagoas-Marcosende.
10. Propostas elaboración RPT 2003-2004
11. Rogos e preguntas.

***DS**- Delegado Sindical

1. Ó enviar con antelación a acta da sesión anterior a tódolos/as presentes non se lle da lectura, non obstante, matízanse con máis precisión o dito por un membro do CI no punto 5, unha vez aceptada a precisión, apróbase por unanimidade.

Antes de pasar ó informe o presidente comunica as delegacións de votos existentes para a presente reunión que neste caso é a de Aser Fernández Rey, documento que quedará anexado a esta acta. A continuación da conta dos seguintes asuntos:

2. Informe do Presidente.
 - Contratación temporal, prórrogas e mobilidade.
 - A execución dos acordos da reunión anterior
 - Recurso contra a RR de 8-10-03 para a contratación temporal de dous titulados de grado medio para a Área de Calidade.
 - Do escrito ó xefe de servizo de RR HH sobre os problemas que se deron na cobertura dunha praza de AT SX na F. de Ciencias de Vigo
 - Do escrito solicitando que se convoquen cantos antes as oposicións pendentes da RPT de 2000.
 - Dos problemas que se deron coa solicitude de permiso de matrimonio feita por Rita Velasco
 - Das queixas exposta por José M^a Landín con respecto as funcións de administrativo.
 - Dos trámites que está a realizar Luísa Cebral para conseguir ampliación de xornada a quen acompañou a unha entrevista co xefe de Persoal.
 - Da sentenza sobre antigüidade dictada a favor de dous traballadores da Universidade.



- Da documentación enviada por José Luis Conde referente o seu despido.
- Da solicitude por parte do responsable do SIOPE de máis persoal para actividades culturais e deportes.
- Da resposta dada polo Servicio de Prevención o escrito enviado polo CI, informando de que no mes de decembro se van realizar novas medicións na Biblioteca de Torrecedeira.
- Da contestación ó escrito do CI pedindo información sobre as categorías a extinguir.
- Do reaxuste horario do autobús que transporta o persoal ó Campus de Marcosende. Información de palabra do xerente.
- Da queixa de persoal da EUTI sobre as correntes de aire existentes nas dependencias administrativas.
- Da reunión mantida co xerente o día 22 de outubro na que se trataron os seguintes asuntos:
 - Complemento de responsabilidade e dispoñibilidade horaria.
 - Despedimento de José Luis Conde.
- Da reunión mantida co xerente o día 31 de outubro na que se trataron os seguintes asuntos:
 - Despedimento de José Luis Sampedro.
 - Contratación de tres AT SX para resolver os problemas de persoal debidos ó traslado de parte dos servizos do rectorado o novo edificio de Marcosende. Un dos contratos será de tarde neste edificio e os outros dous serán de apoio ó Campus, un de mañá e outro de tarde.
 - Da necesidade de contratación de ATID no novo pavillón de Ourense (dous de mañá e dous de tarde).
 - O xerente informou de que remitiu escritos os vicerrectores de Investigación e Extensión Universitaria instándolles a que remitan a información necesaria para poñer en marcha as oposicións nas que teñen competencias.
 - Da proposta feita pola comisión do CI para negociar unha nova RPT.
 - Da provisión de postos do ATIC. O xerente convocará unha reunión do CI e maila xerencia a que acudirán tamén os directores dos servizos informáticos e o vicerrector con competencias nesta área.
- Da entrevista co xefe de persoal o 29 de outubro na que tratou asuntos sobre as oposicións pendentes e as instalacións deportivas de Ourense.

A relación de tódolos asuntos incorpórase coma anexo

Tras o informe do presidente distintos membros o CI piden intervir para dar a súa impresión sobre a contratación de AT SX para o rectorado. Antón García comenta que se está a contratar onde non se precisa e compara a rapidez en resolver estas contratacións e as dificultades que está a ter a Facultade de Ciencias para ter os AT SX axeitados, di tamén que temos que plantexarnos, se acaso, a mobilidade do persoal. Cándido sinala que a proposta do xerente ten carácter temporal. Luis Pérez manifesta o seu abraio pola actuación da xerencia e pola dispersión que está a manifestar na solución dos problemas laborais, di que nas reunións de retribucións fálase de RPT e nas de emprego de retribucións. Manuel Velasco abonda na descoordinación que está a mostrar a xerencia, que para el abrangue máis



persoal que o xerente, e na sensación que ten de estar batendo sempre nos mesmos asuntos sen percibir ningún avance. Sinala como responsable desta situación á xerencia e manifesta a súa preocupación polos problemas que pode crear no equilibrio interno do CI a frustración de sentir que os problemas non se solucionan, remata suxerindo que, de seguir así, se pida a dimisión do xerente.

3. Non hai informes ó non reunirse neste período ningunha das comisións.

4. Informase do feito ata o de agora no proceso de selección da OFOE. Xunto coa convocatoria enviouse a tódolos membros información, polo miúdo, do realizado pola representante do CI na comisión de selección. Tras debater sobre este tema non se toma ningún acordo.

5. Cándido e Federico presentan unha proposta de normativa para intentar solucionar os problemas de cambio de quenda, localidade ou categoría e a xestión das listas de agarda. Tras o correspondente debate acórdase incorporar as suxestións feitas por varios membros do CI. Federico e Cándido quedan encargados de seguir elaborando esta proposta que remitirán a tódolos membros do CI, para que fagan as emendas oportunas, antes da aprobación definitiva polo Pleno.

6. Manuel Velasco solicita que o CI solicite os contratos do persoal docente laboral. Acórdase facer un escrito ó xerente solicitándoos.

7. Acórdase facer un escrito apoiando a sentenza dictada contra a universidade pola Maxistrada Conde-Pumpido. Dita sentenza recoñece o dereito do persoal contratado a percibir o complemento de antigüidade en igualdade de condicións que o persoal fixo.

8. Con respecto o cese do auxiliar administrativo José Luis Conde, acórdase facer un escrito contra este despedimento solicitando a readmisión. Así mesmo, acórdase facer outro escrito criticando a xustificación que no seu día lle deron a este tipo de contrato.

9. Dada a urxencia de designar un representante do CI na Comisión de Selección das prazas de ATID necesarias para abrir o Pavillón do Campus de Ourense, acórdase nomear a Federico Fernández coma titular e a Marisa Magaz coma suplente.

Acordos:

- Solicitar ó xerente a copia básica dos contratos feitos ó persoal docente e investigador laboral.
- Realizar un escrito apoiando a sentenza dictada pola Maxistrada Conde-Pumpido na que se recoñece o dereito do persoal contratado a percibir o complemento de antigüidade en igualdade de condicións que o persoal fixo.



Comité Intercentros da Universidade de Vigo

- Facer un escrito manifestándonos contra o despedimento de auxiliar administrativo José Luis Conde.
- Facer un escrito criticando a Universidade por utilizar varas de medir distintas para solucionar os problemas derivados do traballo sindical.
- Nomear a Federico Fernández, coma titular e a Marisa Magaz coma suplente, na Comisión de Selección das prazas de auxiliar técnico de instalacións deportivas que seleccionará persoal para cubrir as necesidades de persoal que se dan no Pavillón do Campus de Ourense.

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)